

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18207 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas. («BOE» 250, do 19-10-2006.)*

Advertidos erros no Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 3 en lingua galega, do 1 de marzo, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 410, segunda columna, antes do comezo do segundo parágrafo debe figurar un 3., de xeito que tal parágrafo sexa o número 3 do artigo 4.

Na páxina 410, artigo 10, segunda liña; páxina 410, artigo 12.1, terceira liña; páxina 412, artigo 18.1 f), liñas quinta e oitava; páxina 413, artigo 22.1, cuarta liña; páxina 413, artigo 23.1, segunda liña e páxina 414, artigo 24.1, primeira liña, onde di: «...antes do 15 de setembro.», debe dicir: «...antes do 16 de setembro.».

Na páxina 411, primeira columna, artigo 14.3 b), na cuarta liña, onde di: «...artigo 15 b)», debe dicir: «...artigo 15.2».

Na páxina 413, segunda columna, artigo 22.3, na cuarta liña, onde di: «...antes do 15 de decembro», debe dicir: «...antes do 16 de decembro».

Na páxina 413, segunda columna, antes do comezo do terceiro parágrafo, debe figurar un 5., de xeito que tal parágrafo sexa o número 5 do artigo 22.

Na páxina 416, no cadro que figura no anexo II, na segunda columna, onde di: «Compensación €/kg», debe dicir: «Compensación €/100 kg».

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

18278 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización. («BOE» 251, do 20-10-2006.)*

Advertidos erros no Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 13 en lingua galega, do 2 de outubro, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1781, segunda columna, no artigo 9.3.f), onde di: «artigo 8.8», debe dicir: «artigo 8.7».

Nas páxinas 1799 e 1800, anexo VI, nos conceptos «06 06 36 Articulacións de cóbado», «06 12 21 Articulacións de nocello», «06 12 24 Articulacións de xeonllo» e «06 12 27 Articulacións de cadeira», onde di: «Achega do usuario: 0», debe dicir: «Achega do usuario: 0 euros».

Na páxina 1802, anexo VII, onde di: «B.1.1.3. carbinolamina-dehidratasa», debe dicir: «B.1.1.3. carbinolamina-deshidratasa».

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

18374 *ORDETAS/3243/2006, do 19 de outubro, pola que se dispoñen medidas necesarias para o desenvolvemento parcial do previsto no acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección. («BOE» 252, do 21-10-2006.)*

A disposición adicional septuaxésimo quinta da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, autoriza o Goberno para adoptar medidas de apoio á modernización e mellora da competitividade de varios sectores, entre os que se inclúe o sector téxtil e da confección, e de cobertura social aos traballadores que resulten excedentes estruturais nestes, nos ámbitos da recolocación, fomento do emprego, formación profesional, desemprego, Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) e Seguridade Social.

As indicadas medidas debían ser obxecto de diálogo cos interlocutores sociais do sector, no marco do diálogo social aberto na declaración do 8 de xullo de 2004.

Cumprindo o indicado mandato parlamentario no referido marco de diálogo social acadouse un acordo o día 13 de xuño de 2006 entre os ministerios de Traballo e Asuntos Sociais e de Industria, Turismo e Comercio, o Consello Intertéxtil Español e os sindicatos UGT e CC.OO., no cal se concretaron, no denominado Plan de apoio ao sector téxtil e da confección, medidas de apoio sociolaboral que se acordaron nos ámbitos a que se refire a indicada disposición adicional.

En aplicación do disposto na citada Lei 30/2005, do 29 de decembro, o Consello de Ministros, na súa reunión do 9 de xuño de 2006, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Traballo e Asuntos Sociais, e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, adoptou un acordo sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección.

No referido acordo fáculanse os ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as medidas necesarias para darlle publicidade e desenvolver o previsto nel.

En consecuencia, facendo uso das facultades previstas no acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, e para facer efectiva a aplicación de determinadas medidas sociolaborais recollidas nel, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto desenvolver as medidas sociolaborais de execución inmediata que se recollen no Acordo do Consello de Ministros con data do 9 de xuño de 2006, en materia de formación continua, de incentivos específicos ás empresas para manter nelas os traballadores maiores de 55 anos e de incentivos adicionais para favorecer a recolocación dos excedentes do sector téxtil e da confección.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O ámbito de aplicación das medidas sociolaborais que se recollen nesta orde esténdese a todas as empresas que realizan actividades industriais do sector téxtil e da confección aos cales se lles aplica o convenio colectivo xeral de traballo da industria téxtil e da confección ou que están encadradas nas epígrafes 17 e 18.1 e 2 do Código Nacional de Actividades Económicas (CNAE).

As empresas do sector industrial que non se encontren encadradas nas epígrafes anteriores pero que estean acollidas ao Convenio xeral da industria téxtil e da confección deberán previamente acreditar tal condición mediante escrito á TXSS acompañado da documentación pertinente.

2. Respecto das medidas establecidas nos artigos 4.1.b) e 5 desta orde, o seu ámbito de aplicación esténdese a todas as empresas en xeral, con independencia da súa inclusión ou non no sector téxtil e da confección, sempre que os seus destinatarios finais sexan traballadores excedentes do dito sector.

3. Para os efectos previstos nesta orde, consideraranse traballadores excedentes do sector téxtil e da confección os traballadores deste cuxo contrato se extingue, durante a vixencia do plan, por despedimento colectivo ou polas causas obxectivas recollidas no artigo 52.c) da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Artigo 3. *Medidas de apoio en materia de formación continua.*

1. As empresas do sector téxtil e da confección que, unha vez presentado o plan de reciclaxe a que se refire o punto 2 deste artigo, accedan ao sistema de bonificacións que recolle o Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de formación profesional continua, poderán beneficiarse das seguintes medidas:

a) Os créditos dispoñibles para formación continua, en función do tamaño das empresas serán:

Empresas de 1 e 2 traballadores: un crédito de bonificación por empresa e ano de 420 euros.

Empresas de 3 a 5 traballadores: un crédito de 600 euros ou 100% da cota achegada se a contía resultante é maior.

Empresas de 6 a 9 traballadores: un crédito de 720 euros ou 100% da cota achegada se a contía resultante é maior.

Empresas de 10 a 49 traballadores: 100% da cota.

Empresas de 50 a 249 traballadores: 80% da cota.

Empresas de 250 ou máis traballadores: 60% da cota.

b) Os custos directos da formación non estarán suxeitos ao límite dos módulos económicos máximos establecidos no artigo 13 da Orde TAS/500/2004, do 13 de febreiro, pola que se regula o financiamento das accións de formación continua nas empresas, incluídos os permisos individuais de formación, en desenvolvemento do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de formación profesional continua.

c) As empresas poderanlles autorizar permisos individuais de formación aos seus traballadores para asistir a accións formativas previstas no plan de reciclaxe a que fai referencia o parágrafo seguinte.

2. As empresas interesadas en acceder a estas medidas deberán presentar, perante o Servizo Público de Emprego Estatal e utilizando o modelo de solicitude que figura como anexo, un plan de reciclaxe elaborado pola empresa para os seus traballadores, motivado nalgún ou varios dos seguintes supostos ou similares:

Cambio de procesos produtivos.

Implantación de novos procesos organizativos.

Formación para maquinaria de tecnoloxía nova na empresa.

Reciclaxe para mobilidade funcional en casos de expedientes de regulación de emprego.

O citado plan de reciclaxe deberá incluír unha memoria na cal indique, se for o caso, os obxectivos de produtividade e mantemento de emprego, así como o volume económico do investimento que se vai realizar especificando o financiamento achegado, se é o caso, pola propia empresa. Igualmente sinalaranse os aspectos relativos á formación:

Descrición do colectivo de traballadores obxecto de recualificación.

Accións formativas que se van desenvolver.

3. Poderase presentar un plan de reciclaxe referido a unha agrupación de empresas, de acordo co previsto no punto anterior. Neste caso, o plan presentarao unha entidade organizadora que, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 20 da Orde TAS/500/2004, do 13 de febreiro, se comprometa a organizar a formación dos traballadores das citadas empresas.

4. O Servizo Público de Emprego Estatal porá á disposición da Comisión Bipartita de Seguimento e Control prevista no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección os plans de reciclaxe recibidos para a emisión de informe. Esta comisión poderá requirir, a través da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego, documentación adicional á presentada polas empresas. En todo caso, se a Comisión Bipartita non emitise informe transcorrido un mes desde a citada posta á disposición, entenderase aquel favorable.

O informe favorable da citada comisión implicará o recoñecemento dun crédito adicional para formación con cargo ás correspondentes cotas da Seguridade Social. A Fundación Estatal para a Formación no Emprego xestionará as actualizacións do crédito para bonificacións que se deduzan dos informes emitidos pola Comisión Bipartita.

5. No non previsto neste artigo, as empresas beneficiarias das medidas previstas no punto 1 deberán realizar a formación dos seus traballadores, cuxo custo pretendan bonificar, de acordo coas disposicións da Orde TAS/500/2004, do 13 de febreiro, e as especificacións de xestión do sistema informático desenvolvido para o efecto.

Artigo 4. *Incentivos mediante bonificacións para o mantemento e a creación de emprego.*

1. As empresas poderán ter dereito aos seguintes incentivos, que serán adicionais ou alternativos e específicos dos establecidos no Programa de Fomento do Emprego, regulado polo Real decreto lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego:

a) Incentivos para o mantemento dos traballadores de idade nas empresas.—As empresas do sector téxtil e da confección que manteñan nos seus cadros de persoal traballadores que teñan cumpridos cincuenta e cinco anos na data de entrada en vigor do plan ou os cumpran ata o 31 de decembro de 2008 (durante a vixencia do plan), sexan menores de sesenta anos, cunha antigüidade na empresa ou no grupo de empresas de, cando menos, cinco anos e cos cales teñan subscriitos contratos de traballo de carácter indefinido, terán dereito á bonificación do 50 por cento da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns, salvo por incapacidade temporal derivada destas.

A bonificación a que se refire o parágrafo anterior será aplicable cando concorran todas as circunstancias que

dan acceso ao dereito ao incentivo de que se trata e que se reflicten neste parágrafo anterior.

O requisito de antigüidade non será exixible cando á empresa lle sexa autorizado un expediente de regulación de emprego que non inclúa traballadores de cincuenta e cinco ou máis anos.

As empresas deberán acreditar perante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social con carácter previo á liquidación das cotas bonificadas as circunstancias sinaladas, relativas a expedientes de regulación de emprego ou á pertenza ao mesmo grupo de empresas, para os efectos de acreditar a antigüidade dos traballadores.

Esta bonificación aplicarase ata que o traballador cumpra os sesenta anos, e pódense aplicar a partir do dito cumprimento, se for o caso, as bonificacións previstas con carácter xeral no Programa de Fomento do Emprego para o mantemento do emprego de traballadores de sesenta ou máis anos.

As mesmas bonificacións aplicaranse no caso de cooperativas e sociedades laborais respecto dos seus socios traballadores ou de traballo que se manteñan nestas, con vínculos de carácter indefinido e que cumpran os requisitos de idade e de antigüidade antes sinalados, sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

As bonificacións aquí previstas serán compatibles coas bonificacións establecidas con carácter xeral no Programa de Fomento do Emprego, sen que en ningún caso a suma das bonificacións aplicables poida superar o 100 por cento da cota empresarial á Seguridade Social.

b) Incentivos á contratación de traballadores excedentes do sector téxtil e da confección.—As empresas en xeral que contraten indefinidamente a tempo completo, a partir do día seguinte ao da publicación desta orde, traballadores desempregados excedentes do sector téxtil e da confección, que fosen despedidos a partir do 13 de xuño de 2006 e ata o 31 de decembro de 2008 (durante a vixencia do plan), sempre que a contratación se producise durante os dous anos seguintes á data do despedimento, salvo cando se trate de traballadores que teñan cincuenta e cinco ou máis anos durante a vixencia do plan, caso en que non se aplicará esta limitación, poderanse bonificar na cota empresarial á Seguridade Social nas seguintes duracións e contías mensuais ou, se for o caso, polo seu equivalente diario, por cada traballador contratado pertencente aos seguintes colectivos:

Mulleres en xeral: 83,33 euros/mes (1.000 euros/ano), durante catro anos.

Traballadores con discapacidade: a contía que lles corresponda segundo o establecido no Programa de Fomento do Emprego, incrementada nun 5 por cento, durante dous anos.

Maiores de trinta anos e ata corenta e cinco anos:

Traballadores cuxa contratación non dea dereito a bonificación por non pertencer a ningún colectivo de bonificación dos establecidos con carácter xeral no Programa de Fomento do Emprego: 41,67 euros/mes (500 euros/ano), durante dous anos.

Traballadores cuxa contratación dea dereito a bonificación por pertencer a algún colectivo de bonificación dos establecidos con carácter xeral no Programa de Fomento do Emprego: a contía que lles corresponda segundo o establecido no Programa de Fomento do Emprego, incrementada nun 5 por cento, durante dous anos.

Maiores de corenta e cinco anos e menores de cincuenta e cinco anos: 100 euros/mes (1.200 euros/ano), durante o primeiro ano de contrato, e 108 euros/mes (1.296 euros/ano), durante o resto deste.

Se se trata de traballadoras, 116,67 euros/mes (1.400 euros/ano), durante o primeiro ano, e 125 euros/mes (1.500 euros/ano), durante o resto deste.

Traballadores con cincuenta e cinco ou máis anos: 100 euros/mes (1.200 euros/ano), durante o primeiro ano de contrato, e 110 euros/mes (1.320 euros/ano), durante o resto deste.

Se se trata de traballadoras, 116,67 euros/mes (1.400 euros/ano), durante o primeiro ano, e 129,17 euros/mes (1.550 euros/ano), durante o resto deste.

Cando o traballador contratado sexa perceptor de prestación contributiva por desemprego e lle falte, polo menos, un ano de percepción: 140 euros/mes (1.680 euros/ano), durante o primeiro ano de contrato, e 150 euros/mes (1.800 euros/ano), durante o resto deste.

Cando a contratación indefinida sexa a tempo parcial, as bonificacións aplicaranse nas proporcións establecidas no artigo 2.6 do Real decreto lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego.

Estas bonificacións só serán de aplicación nas condicións sinaladas na primeira contratación realizada ao traballador excedente do sector téxtil e da confección.

As mesmas bonificacións aplicaranse no caso de cooperativas e sociedades laborais respecto das incorporacións como socios traballadores ou de traballo, con carácter indefinido e que cumpran os requisitos antes sinalados, sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

2. No non regulado por esta norma, as bonificacións establecidas nela rexerán, para os efectos de requisitos dos beneficiarios, exclusións, concorrencia, contía máxima, incompatibilidades, financiamento, aplicación e control, mantemento e reintegro, polo disposto para o Programa de Fomento do Emprego no Real decreto lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego.

No caso das empresas do sector téxtil e da confección, non será aplicable a exclusión establecida no artigo 6.2 do citado Real decreto lei 5/2006.

3. Estas bonificacións serán aplicables nos correspondentes documentos de cotización presentados desde o mes seguinte á entrada en vigor desta orde.

Artigo 5. *Medidas para favorecer a empregabilidade e a recolocación dos traballadores excedentes do sector.*

1. Coa finalidade de facilitar a recualificación, a reciclaxe profesional e a empregabilidade dos traballadores excedentes do sector, desenvolveranse as seguintes medidas específicas:

a) Accións de orientación profesional.—As accións de orientación profesional deseñaranse de xeito específico tendo en conta os perfís dos traballadores destinatarios delas e as necesidades do mercado de traballo. Impartiranse equipos técnicos especializados e instrumentaranse, fundamentalmente, a través de grupos de busca de emprego.

b) Accións de formación profesional ocupacional.—Desenvolveranse accións formativas do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, relacionadas cos sectores de actividade económica susceptibles de xerar emprego, e promoveranse convenios de colaboración con empresas que levarán consigo o compromiso de contratación de, cando menos, o 60 por cento dos alumnos.

2. A xestión das accións e das correspondentes subvencións realizarana as comunidades autónomas respectivas, de acordo coa distribución de competencias en materia de políticas activas de emprego, segundo a normativa reguladora destes programas e con cargo ás dotacións orzamentarias para estes dos servizos públicos de emprego.

Disposición adicional primeira. *Compatibilidade do subsidio por desemprego co traballo por conta allea.*

Conforme o establecido na disposición transitoria quinta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, os traballadores maiores de 52 anos, que esgotasen as prestacións por desemprego e estivesen a percibir o subsidio por desemprego, poderán facer compatible a contratación coa percepción do 50% do subsidio por desemprego e a empresa debe completar o salario que lle hai que aboar ao traballador a partir do citado 50% do subsidio por desemprego.

Disposición adicional segunda. *Competencias das comunidades autónomas.*

O desenvolvemento das accións previstas nesta orde realizarase de acordo e con pleno respecto ás competencias das comunidades autónomas na materia de políticas activas de emprego.

Disposición transitoria única. *Aplicación de bonificacións.*

As medidas de apoio en materia de formación continua e os incentivos mediante bonificacións para o mantemento de emprego, considerados nos artigos 3 e 4.1.a) desta orde, aplicaranse nas cotas xeradas a partir do día 1 de xullo de 2006.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social impulsará de oficio as devolucións de cotas correspondentes aos períodos xa ingresados antes da entrada en vigor desta norma polos importes das bonificacións non aplicadas. Non obstante, respecto das bonificacións por formación continua, observarase o disposto no artigo 16.2 da Orde TAS/500/2004, do 13 de febreiro, en virtude do cal poderán ser aplicadas en calquera liquidación do exercicio 2006 co límite da correspondente ao mes de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o secretario xeral de Emprego para ditar cantas resolucións sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

1. Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

2. As medidas sociolaborais que se establecen nesta orde terán vixencia ata o 31 de decembro de 2008. Porén, a aplicación de cada unha das medidas estenderase polo período de tempo que en cada caso se indica.

Madrid, 19 de outubro de 2006.—O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

ANEXO**SOLICITUDE DE APLICACIÓN DO PLAN DE APOIO ÁS ACCIÓNS DE FORMACIÓN NAS EMPRESAS DO SECTOR TÉXTIL E DA CONFECCIÓN**

D./Dña....., como representante legal da entidade....., solicítalle ao Servizo Público de Emprego Estatal a súa inclusión no Plan integral de políticas activas de emprego para os traballadores do sector téxtil e da confección.

DATOS DA EMPRESA

Razón social: CIF:
Domicilio: Tfno.
Correo electrónico: CNAE:
Convenio colectivo de aplicación:
Data de alta na SS:

A esta solicitude deberáselle xuntar o plan de reciclaxe da empresa.

Plan de reciclaxe (art. 3.2.) debido a:

- Cambio nos procesos produtivos.
- Instalación de novos procesos organizativos.
- Formación para maquinaria de nova tecnoloxía.
- Reciclaxe para mobilidade funcional (só en casos de expediente de regulación de emprego e deberase xuntar copia del)

Madrid, de de 2006

Director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal